



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

SELECCIÓN PROGRAMA DA XUNTA DE GALICIA DE FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL)

Na Casa do Concello ás 9.00h do día 20 de xuño reúnese o tribunal de selección para a contratación de un traballador, un oficial condutor, dentro do programa da Xunta de Galicia de Fomento do Emprego no Medio Rural (APROL RURAL), cos seguintes membros: presidente, D. Andrés Busto Allo, vogais, D^a Berta Buján Casanova e D^a Sofía Pérez Figueira (como substituta do arquitecto técnico municipal), secretaria, D^a Juana Pedrosa Leis.

O tribunal procede a

1.-Valorar a fase de concurso de dita convocatoria segundo se establece na base 5^a apartado 1^o. do proceso de selección e realizar as entrevistas cos aspirantes coa finalidade de avaliar a súa dispoñibilidade, interese e adecuación ao posto de traballo, tal como recolle a base 5^a apartado 2^o. da convocatoria Avaliados ditos criterios de selección a puntuación dos aspirantes, ordenados de maior a menor, queda tal e como segue, sendo a) puntuación segundo os criterios da base 5^a apartado 1^o, b) puntuación entrevistas e c) puntuación total:

A) OFICIAL CONDUTOR

	a)	b)	c)
1. Lago Lago, Martín	0,50	2,50	3,00
2. Miranda Brea, Alejandro	0,50	2,00	2,50
3. Pena Romero, José Benjamín	0,50	2,00	2,50

2.- Resolver a convocatoria para a contratación de un oficial condutor dentro do Programa de fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL). Visto o resultado das puntuacións, o tribunal propón para a súa contratación ó seguinte aspirante por ser o que mais puntuación acadou:

A) OFICIAL CONDUTOR

Lago Lago, Martín, DNI 45860766P

3.- No caso de renuncia dalgún dos titulares procederase á contratación dos suplentes polo seu orde de puntuación. En caso de empate terá prioridade aquel candidato que conte cunha maior antigüidade no paro, circunstancia que se acreditará cun certificado emitido pola oficina de emprego.

4.- Co resto de candidatos formarase unha bolsa de traballo para a cobertura de posibles vacantes ou para atender a necesidades imprevistas, tal e como se establece na base 7) das bases da convocatoria.

5.- Contra o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderá optar por:

A) Interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da publicación da presente acta, nos términos do art. 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das AA.PP.

B) Interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ó da publicación da presente acta, de conformidade co establecido no art. 46.1 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativo.

Conclúese a sesión ás 10.00h no lugar e data sinalados no encabezamento.